

Cartelera y críticas

TEATRO | «A filla de Woody Allen»

O humor é un asunto cruel

Camilo Franco

Por veces o humor pode parecer un asunto cruel. Pero quizais a crueldade non estea no humor, senón no xeito en que o practicamos. Porque cando practicamos o humor á defensiva somos crueis con nós mesmos.

En certo sentido ese era o humor de Woody Allen. Chamar a atención sobre os seus personaxes para demostrar ata que punto somo capaces de rir de problemas alleos. Xa podemos disimular dicindo que a circunstancia é cómica e outras desculpas, pero en moi bo lugar non quedamos como especie. A natureza humana.

O personaxe que protagoniza *A filla de Woody Allen* é un catálogo de problemas ambulante. Ten unha parte deses que se identifican como contemporáneos e, naturalmente, lévase mal con todos eles. Esa mala relación resulta cómica ainda que todos saibamos que, de non ser humor, sería un drama.

A obra segue os mandatos paternais, pero non é un remedio de Allen nin un repaso de frases estelares. É a aplicación dese sentido do humor que reclama a atención sobre os personaxes que demostra, ao cabo, que somos vítimas de case todas as

cousas que suceden e tamén de nós mesmos.

A filla de Woody Allen non precisaría dessa referencia para existir e quizais por iso ao longo da obra vai abrindo distancia e vai buscando acomodo para que non xulguen á filla polo seu pai, que é un mal moi contemporáneo e moi estendido. Manéxase entre os lugares comúns e desenvolve un sentido do humor no que hai tempo para a acedia e para a tenrura. Segundo avanza a obra, vai deixándose ir más cara ao segundo e nesa transformación si que se separa abertamente do seu referente titular. Fai unha fuga a un territorio radicalmente diferente, como se o humor anterior a esa delicadeza fose, en realidade, unha preparación, un quecemento do espectador para que o personaxe encontrase a naturaleza do seu espazo, más lírica que cómica.

Nesa actitude a obra acaba nun punto moi distante do seu comezo e cunha preocupación completamente diferente. E así como os problemas dos demás parecen divertidos, a felicidade dos demás semella aburrida. A felicidade é un asunto sobrevalorado na cultura contemporánea. Unha vez que chegas non

hai nada máis que fazer. Quizais dar voltas no mesmo punto e niso a montaxe é completamente metafórica.

Que o sentido da marcha cambie contra o final é unha opción que enriquece más ao personaxe que á historia. É, en realidade, un trunfo das necesidades do personaxe sobre as posibilidades da historia. O personaxe pide unha solución liberadora, que xustifique tanto apuro padecido. As historias e o público compórtanse con mecanismos crueis e adoitan pedir más guerra. Non están tan preocupados por como acaben os personaxes coma por como acabe a diversión. É unha demanda do sistema. Os gobernos actúan así: salvan ao sistema áinda que prexudiquen á xente.

Con transformación incluída, a obra móvese axilmente polo humor, marca as pausas con decisión e mesmo resolve con soltura esas transicións de un para un. Mantén o humor con firmeza e non se deixa ir nesas facilidades que algunas comedias dan boas cando se trata de rir. O humor mantense nesa acedia que non se converte en mala baba, un pouco para acó do sarcasmo. Tampouco abusa da liña paródica que o título e al-



Marián Bañobre protagoniza a obra de Santiago Cortegoso | ANA GARCÍA

go das intencións poderían augurar. Contra o final perde algo de pulso porque a distancia a salvar entre un punto e outro é demasiado grande. A distancia entre o humor e a tenrura é a mesma que hai entre o razoado e o emotivo, a intelixencia e

as emocións. Parecen circunstancias próximas. Pero hai un mundo. E áinda non descubrimos a teletransportación.

«*A filla de Woody Allen*». Cía de Santiago Cortegoso. Idea de Santiago Cortegoso e Marián Bañobre. Reparto: Marián Bañobre.